

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

8781 *REAL DECRETO 620/2005, do 27 de maio, polo que se aproba o Plan de reestruturación do sector produtor lácteo.* («BOE» 127, do 28-5-2005, e «BOE» 129, do 31-5-2005.)

A necesidade dun plan de reestruturación do sector produtor lácteo nace da converxencia de dúas circunstancias: a actual situación en que se encontra a cota láctea en España e o novo réxime de pagamento único desligado da produción, derivado da reforma da política agraria común da Unión Europea, a PAC.

A primeira circunstancia, a cota láctea en España, é un ben limitado e escaso, polo que debe ser distribuída de forma adecuada. A flexibilidade do réxime de cotas en canto ás transferencias previsto no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión da cota láctea, propiciou a desaparición dun gran número de explotacións. Aínda así, actualmente o 71 por cento das explotacións ten unha dimensión inferior á media nacional, que son 177.000 quilogramos, e desas, o 54 por cento non chega aos 75.000 quilogramos de cota.

De aí que sexa necesario iniciar un proceso de reordenación que, sen alterar substancialmente a repartición actual da cota, si permita redistribuír certas cantidades para mellorar a competitividade dun número adecuado de explotacións viables de pequeno e mediano tamaño. Esta necesidade foi apreciada polo Congreso dos Deputados na proposición non de lei aprobada o 15 de marzo de 2005, pola cal insta o Goberno a aprobar un plan nacional de reordenación do sector lácteo que potencie as explotacións que contén cunha base territorial adecuada, unhas condicións hixiénico-sanitarias aceptables e un tamaño apropiado para garantir a súa viabilidade económica, mediante a achega a estas de cotas lácteas a prezos alcanzables.

O terreo para poñer en marcha este plan foi preparado polo Real decreto 313/2005, do 18 marzo, polo que se modifican o Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, e o Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, e se derroga o Real decreto 313/1996, do 23 de febreiro, polo que se establecen normas sobre as declaracións complementarias que deben efectuar os compradores de leite e produtos lácteos. O Real decreto 313/2005, do 18 de marzo, prevé a realización de convocatorias extraordinarias do fondo nacional coordinado de cotas lácteas en que se poidan utilizar as cotas recuperadas nos programas nacionais de abandono realizados no mesmo período de cota e facilita a permanencia en situación de alta na Seguridade Social dos produtores que abandonen a produción leiteira no marco dun programa de abandono. Así mesmo, conxela, desde o 9 de abril de 2005, a presentación de solicitudes de autorización de transferencia de cotas desvinculadas da explotación para frear a alza de prezos que deben pagar no mercado os gandeiros pola cota láctea que adquiren.

A segunda circunstancia que determina este plan é a reforma da PAC, prevista fundamentalmente, no que respecta ao sector lácteo, en dous textos: no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e polo que se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifi-

can determinados regulamentos, e no Regulamento (CE) n.º 1788/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establece unha taxa no sector do leite e dos produtos lácteos. Estas normas establecen o novo réxime de pagamento único, desligado da produción, no cal se integran a maior parte das axudas directas da PAC.

En España optouse por un período transitorio, de forma que o novo réxime de pagamento único se vai instaurar no ano 2006. Desde ese ano, a prima láctea regulada no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e no Real decreto 543/2004, do 13 de abril, polo que se regulan determinadas axudas directas comunitarias ao sector lácteo para os anos 2004, 2005 e 2006, aboarase consonte o dito réxime. Iso implica que tanto esa prima como os pagamentos suplementarios que se aboan a partir do ano 2006 estarán desvinculados da cota que en cada momento teña o produtor e fixaranse segundo o importe correspondente á cota láctea dispoñible pola explotación o 31 de marzo de 2006.

A partir dese momento, as adquisicións de cota non levarán a axuda láctea incorporada, o que vai supor un punto de inflexión para o sector. Iso pode producir distorsións entre os asignatarios de cotas lácteas fronte á asignación dos dereitos de pagamento único, como sucedería se se asignasen estes dereitos a gandeiros que, despois, se desprendesen da súa cota en sucesivos programas de abandono indemnizado.

O plan que se aproba mediante este real decreto servirá para levar a cabo unha política pública de ámbito estatal que corrixa as desviacións que o libre mercado provocou na estrutura do sector produtor de leite. Trátase dunha actuación concreta e inmediata, pois 2005 é o último ano en que se pode realizar unha redistribución de cota que leve asociada unha prima láctea, e está deseñada para que o produtor se poida enfrontar con éxito ao novo escenario económico creado pola reforma da PAC.

O obxectivo desta acción será asegurar a permanencia no sector do maior número posible de explotacións leiteiras, como estratexia de carácter sectorial para conseguir un sector forte e viable e para contribuír ao mantemento do medio rural e á ocupación do territorio. Preténdese apoiar, entre outras, as explotacións situadas en zonas de vocación produtiva, cunha base territorial adecuada á produción de leite que asegure a súa competitividade e sustentabilidade. Ademais, o plan pretende dotar de transparencia o mercado e reducir o prezo que os gandeiros deben pagar por adquirir máis cota, de forma que esta sexa alcanzable para todas aquelas explotacións que a necesiten.

O plan baséase en dous piares. O primeiro consiste nun programa nacional de abandono da produción láctea, financiado a través dos orzamentos xerais do Estado, co cal se alimentará a reserva nacional e polo cal se substituirá temporalmente a compravenda de cotas no mercado.

As cotas que se recuperen serán repartidas a través do fondo nacional coordinado de cotas lácteas, que é o segundo pilar do plan. A reserva nacional é o único mecanismo con que conta o Estado para distribuír certas cantidades de cota e reordenar o sector consonte criterios xerais de política económica. Así, as cotas asignaranse con criterios comúns, de forma que se lles poida dar o apoio necesario ás explotacións que se xulguen preferentes con independencia do territorio en que se encontren situadas.

Porén, para non defraudar as expectativas que se puidesen ter creado tras a execución do programa nacional de abandono do período 2004/2005, as comunidades autónomas que así o desexen poderán distribuír entre os seus produtores o 80 por cento das cantidades recuperadas no seu territorio en virtude do dito programa.

O Plan de reestruturación do sector produtor lácteo apróbase ao abeiro da competencia estatal prevista no

artigo 149.1.13.^a da Constitución, sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. De acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional, este título competencial pode incluír previsións ou medidas singulares ou, mesmo, unha planificación detallada por parte do Estado, cando iso resulte indispensable para alcanzar os fins propostos na ordenación dun sector económico.

O plan cumpre os devanditos requisitos, xa que é un instrumento que recolle os elementos precisos para a execución das accións que prevé. Así configurado, o plan é a plasmación dunha decisión de política económica que ten unha indubidable incidencia na actividade económica do sector produtor lácteo, pois persegue garantir o mantemento da actividade nas rexións produtoras e evitar o empobrecemento e despoboamento de amplas zonas do territorio, en especial as que non posúen outras alternativas á produción láctea. O plan tamén incide na actividade económica deste sector pola súa forma de execución, posto que para levalo a cabo o Estado intervirá no mercado como un actor de compra e venda.

O plan non só ten un amplo alcance, que transcende do puramente económico, ao ter notables implicacións sociais e ambientais, senón que posúe unha dimensión nacional, porque responde a un obxectivo supraautonómico, como é o de corrixir os desequilibrios territoriais que provocou o intenso intercambio de cotas que tivo lugar no mercado nos últimos anos.

A consecución do devandito obxectivo de política económica nacional precisa unha acción unitaria do Estado no conxunto do territorio, dada a necesidade de asegurar un tratamento uniforme que permita cumprir o fin proposto. Esta acción unitaria artículase, por unha parte, a través do establecemento duns criterios únicos de decisión para resolver as solicitudes que se presenten ao programa nacional de abandono e ao fondo nacional coordinado de cotas lácteas que se convocan mediante este plan. O establecemento duns criterios únicos para a redistribución das cotas é imprescindible para asegurar un tratamento uniforme das solicitudes, de maneira que todos os interesados que cumpran os requisitos fixados nesta norma se poidan beneficiar do programa de abandono ou da asignación de cotas a través do fondo nacional coordinado, calquera que sexa a comunidade autónoma en que residan.

En segundo lugar, a acción unitaria deste plan artículase mediante a reserva ao Estado da súa execución, incluída a resolución e pagamento, como medida necesaria para garantir a plena efectividade da redistribución de cotas e o desfrute de idénticas oportunidades polos posibles beneficiarios, para acollerse ao abandono e reasignación de cotas regulados, nas circunstancias excepcionais en que se promove este plan. Convén detese na descrición destas circunstancias, pois contribúen a explicar en gran medida a necesidade dunha xestión centralizada do plan. En efecto, a aplicación a partir do 1 de abril de 2006 do réxime de pagamento único das axudas da PAC, no cal a axuda que recibirá cada produtor se calculará en función da cota que tivese asignada o 31 de marzo de 2006, e o feito de ser 2005 o penúltimo ano en que os produtores lácteos poderán recibir a prima e os pagamentos adicionais previstos no Real decreto 543/2004, do 13 de abril, polo que se regulan determinadas axudas directas comunitarias ao sector lácteo para os anos 2004, 2005 e 2006, converten os meses que faltan ata entón nunha oportunidade única e irrepitible para producir unha reordenación do mercado de cotas como a pretendida.

O plan soamente se pode aplicar con éxito se a Administración xeral do Estado xestiona de forma consecutiva as súas dúas fases, asegurando non soamente unha única interpretación dos requisitos e criterios de ponderación das solicitudes de abandono e de asignación de cotas, senón, sobre todo, a necesaria axilidade na tramitación destes procedementos. O escaso tempo dispoñible para a

execución do plan e o enorme volume de xestión que xerará non permite aplicar, neste caso, os procedementos previstos no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, nin aínda acurtando os seus prazos, pois as actuacións que os conforman, que son a distribución dos fondos ou cotas, segundo os casos, mediante un acordo da conferencia sectorial de agricultura e desenvolvemento rural e a tramitación, resolución e pagamento ou entrega de cotas polas comunidades autónomas requiren un tempo considerablemente maior do dispoñible para executar este proxecto.

Cabe recordar, non obstante, que o Estado se encontra habilitado, en virtude do título competencial do artigo 149.1.13.^a da Constitución, para resolver os expedientes de asignación de cantidades procedentes da reserva nacional, como declarou o Tribunal Constitucional en varias das súas sentenzas, así como para xestionar, de forma excepcional, subvencións para a promoción de obxectivos formulados en materias sobre as cales teña unha competencia xenérica de intervención, sempre que concorran unha serie de circunstancias descritas na doutrina do Tribunal Constitucional. Esta doutrina é aplicable á xestión por parte da Administración xeral do Estado do programa nacional de abandono da produción láctea incluído neste plan, en que, polas razóns xa apuntadas, resulta indispensable esa xestión para garantir a plena realización dos seus obxectivos e as mesmas posibilidades de acceder á indemnización ofrecida, calquera que sexa o lugar en que radique a explotación do beneficiario. A súa execución pola Administración xeral do Estado asegura, así mesmo, que a aplicación do plan non absorba máis recursos orzamentarios que os destinados a este fin.

O carácter excepcional das medidas que conforman este plan confírmase pola limitación da súa vixencia temporal, que se restrinxen ao tempo estritamente necesario para a súa execución.

A singularidade das accións contidas no plan obriga, igualmente, a substituír algunhas das disposicións reguladoras dos programas nacionais de abandono e do fondo nacional coordinado de cotas lácteas no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, por outras previsións excepcionais para este plan. Entre elas, a convocatoria de ambas as accións, que realiza normalmente o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, e a definición de varios dos elementos que as integran que, pola transcendencia do obxectivo de política económica nacional perseguido e a conveniencia de adecuar certos preceptos ás necesidades e fins específicos deste plan, son levados a cabo por unha norma regulamentaria con rango de real decreto. No que non contradiga este plan e nos aspectos non cubertos por el, seguirá sendo de aplicación, mesmo durante o período de aplicación deste real decreto, o Real decreto 347/2003, do 21 de marzo.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de maio de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto deste real decreto é o establecemento dun plan de reestruturación do sector produtor lácteo, en diante plan, co fin de reordenar e mellorar a competitividade do dito sector de forma que se poida enfrontar ás

novas exixencias derivadas da reforma da política agraria común.

O seu ámbito de aplicación é todo o territorio do Estado, excepto a Comunidade Autónoma de Canarias e as cidades de Ceuta e Melilla.

CAPÍTULO I

Programa nacional de abandono

Artigo 2. *Convocatoria.*

1. De conformidade co establecido nos puntos 1 e 2 do artigo 6 do Real decreto 347/2003, do 21 marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, convócase un programa nacional de abandono voluntario, definitivo e indemnizado da produción leiteira, para a súa execución durante o período de taxa suplementaria 2005/2006.

2. O financiamento das axudas correspondentes a este programa nacional de abandono efectuarase con cargo ao concepto orzamentario 21.21.412B.775.03, «Plan de ordenación do sector lácteo», dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, ou, se é o caso, con cargo ao concepto orzamentario que proceda dos orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o ano 2006.

3. Nesta convocatoria non existirán límites á participación en función da cota individual dispoñible o 1 de abril de 2005.

Artigo 3. *Requisitos, importes e obrigas.*

1. Poderán solicitar a indemnización por abandono todos os produtores que teñan cota asignada o 1 de abril de 2005, excepto aqueles que solicitasen unha cesión temporal durante o período 2005/2006.

2. Para os efectos do cálculo da indemnización teranse en conta as transferencias de cota a que se refire o artigo 35 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, comunicadas ata a entrada en vigor deste real decreto e as solicitadas, conforme os artigos 36 e 38 do citado real decreto, ata o 8 de abril de 2005 que fosen autorizadas antes da finalización do prazo de resolución e notificación previsto no artigo 4.2.

3. A indemnización será de 0,50 euros por cada quilogramo de cota indemnizable.

Non obstante, segundo a idade dos solicitantes no momento da entrada en vigor deste real decreto, a indemnización incrementarase ata os seguintes importes:

- a) 0,55 euros para os solicitantes que cumprisen 56 anos.
- b) 0,60 euros, para os solicitantes que cumprisen 60 anos.
- c) 0,70 euros, para os solicitantes que cumprisen 64 anos.

Para que as explotacións asociativas se poidan acoller ao establecido nas alíneas a), b) e c), máis do 50 por cento dos seus membros deberán cumprir as condicións sinaladas nelas.

4. O produtor deberá facer efectivo o abandono total da produción coa presentación dos anexos V e VI do Real decreto 347/2003, do 21 marzo, nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a notificación da resolución pola que se lle conceda a indemnización.

Artigo 4. *Tramitación, resolución e pagamento.*

1. As solicitudes, dirixidas ao secretario xeral de Agricultura e Alimentación, presentaranse no Rexistro Xeral do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes formalizaranse no modelo recollido no anexo I no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto.

2. O secretario xeral de Agricultura e Alimentación ditará as resolucións correspondentes que autoricen ou deneguen motivadamente as solicitudes e notificarálleas aos interesados nun prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación aboará a indemnización correspondente a todo interesado cuxa solicitude se resolvese favorablemente e cumprise cos compromisos derivados dela.

CAPÍTULO II

Fondo nacional coordinado de cotas lácteas

Artigo 5. *Aspectos xerais da convocatoria do fondo.*

1. De conformidade co establecido no artigo 24 bis do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, realízase unha convocatoria excepcional do fondo para o período 2005/2006, cunha cantidade que inclúe:

a) O 80 por cento da cota indemnizada no programa executado en virtude da Orde APA/2811/2004, do 4 de agosto, polo que se instrumenta o Programa nacional de abandono da produción láctea para o período 2004/2005. Estas cantidades encóntranse na reserva nacional.

b) As demais cantidades da reserva nacional no momento da entrada en vigor deste plan.

c) A cota recuperada no programa de abandono establecido no capítulo I.

2. As cantidades de cota incluídas no fondo distribuiranse do seguinte modo:

a) Unha parte asignaráselles aos produtores que así o soliciten, logo de pagamento dun importe de 0,50 euros por quilogramo.

b) O resto será obxecto de asignación complementaria gratuíta e terá a consideración de cota da reserva nacional.

Esta cantidade incluírá as existencias descritas no punto 1.b) e a parte que se recupere do programa nacional de abandono establecido no capítulo I que non se destine á asignación mediante pagamento previo. Esta cantidade será, como mínimo, a indemnizada a prezos superiores a 0,50 euros, de acordo co establecido nas alíneas a), b) e c) do artigo 3.3.

Artigo 6. *Requisitos.*

1. Os solicitantes que desexen obter a asignación de cotas do fondo deberán ser titulares dunha explotación gandeira no territorio incluído no ámbito de aplicación deste real decreto e reunir os seguintes requisitos:

a) Non se ter acollido aos programas de abandono definitivo da produción de leite, financiados con cargo a fondos da Unión Europea, nacionais ou autonómicos.

b) Non ter transferida cota durante os períodos 2003/2004, 2004/2005 ou 2005/2006.

c) Que desde abril de 2002 o interesado non fose sancionado por incumplir as exixencias de calidade do leite de acordo co Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos.

d) Que desde abril de 2002 o interesado non fose sancionado pola presenza no seu gando ou explotación de residuos de substancias prohibidas en virtude dos reais decretos 1373/1997, do 29 de agosto, ou 2178/2004, do 12 de novembro, polos que se prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas de uso na cría de gando, nin fose sancionado pola presenza no seu gando ou explotación de substancias ou produtos non autorizados ou de substancias ou produtos autorizados, pero en posesión ilegal na súa explotación.

e) Que desde abril de 2002 o interesado non fose sancionado por falta moi grave por incumprir o Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, ou o Real decreto 348/2000, do 10 marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.

2. Non se excluirán as solicitudes dos produtores aos cales se lles asignasen cantidades procedentes do fondo no período 2004/2005.

3. Soamente se admitirá unha solicitude por explotación para participar nesta convocatoria.

N.º estrato	Intervalo de cota (kg)	Asignable logo de pagamento (porcentaxe do total, descontada a cantidade asignada conforme o artigo 7.2)	Cantidade complementaria (porcentaxe en relación coa cantidade pagada)
1	0-177.000	45 por cento	Ata o 250 por cento.
2	177.001-250.000	25 por cento	Ata o 150 por cento.
3	> 250.000	30 por cento	En función dos sobrantes nos estratos n.ºs 1 e 2.

2. Un cinco por cento do total da cota asignable logo de pagamento destinarase para os mozos que soliciten en 2005 unha axuda oficial das previstas no capítulo II do título II, «Instalación de mozos agricultores», do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e se derrogan determinados regulamentos.

A asignación destas cantidades quedará supeditada á concesión da axuda oficial mencionada.

A cada asignación mediante pagamento previo corresponderalle unha asignación complementaria gratuita de ata un 250 por cento daquela.

3. A parte da contía asignable logo de pagamento ao conxunto de gandeiros de cada estrato que puidese sobrar porque a cantidade de cota solicitada fose menor revertirá nos outros estratos pola seguinte orde de prioridade: mozos que cumpran as condicións indicadas no punto anterior e estratos números 1, 2 e 3.

4. As explotacións asociativas a que se refire o artigo 2.o) do Real decreto 347/2003, do 21 marzo, poderanse situar no estrato número 2 se, despois de dividir a cota asignada en 1 de abril de 2005 entre o número de agricultores a título principal que as integren, se obtén unha cifra inferior a 250.000.

Coas demais explotacións procederase de modo análogo, ben que nestas o número máximo de agricultores a título principal que se poderá considerar para este fin será de dous. Para estes efectos, computarán como agricultores a título principal o cónxuxe e os familiares de primeiro grao da persoa física titular dunha explotación que, sen seren agricultores profesionais, traballen na explotación e cumpran os demais requisitos establecidos no artigo 2.6 da Lei 19/1995, do 4 xullo, de modernización das explota-

4. Os beneficiarios deste fondo non serán indemnizados por ningunha das cotas asignadas nesta convocatoria do fondo, incluída a adquirida mediante pagamento previo, no caso de que se acollan a un programa de abandono nos cinco próximos períodos, salvo que concorran e queden debidamente xustificadas os casos de forza maior e excepciónais a que se refiren as alíneas l) e m) do artigo 2 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo.

Artigo 7. *Estratos das solicitudes e cantidades asignables.*

1. Para determinar a cantidade máxima asignable aos solicitantes, establécense tres estratos en función do intervalo de cota asignada o 1 de abril de 2005, incluíndo os que non a teñen. Para cada estrato, fíxanse dúas porcentaxes:

a) Unha, que indica a contía, do total asignable logo de pagamento, destinada ao conxunto de gandeiros dese estrato.

b) Outra, que indica a cantidade complementaria gratuita que recibirá cada gandeiro dese estrato, en relación coa cantidade pagada.

cións agrarias, para seren considerados como agricultores a título principal.

Artigo 8. *Baremo de puntuación das solicitudes.*

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo co seguinte baremo de puntuación:

a) Dous puntos por cumprir todas ou algunha das seguintes circunstancias nalgún dos últimos cinco períodos anteriores ao período 2005/2006:

1.º Ter adquirido cota por transferencia desvinculada da explotación.

2.º Ter recibido asignación do fondo.

3.º Non ter recibido asignación do fondo tras telo solicitado e cumprir os requisitos establecidos na respectiva convocatoria.

b) Dous puntos por cumprir todas ou algunha das seguintes circunstancias:

1.º Ser explotación agraria familiar ou asociativa que, no momento de presentar a solicitude, teña a consideración de prioritaria, de acordo cos requisitos establecidos polos artigos 4 a 6 da Lei 19/1995, do 4 de xullo. A acreditación da condición de explotación prioritaria realizarase da forma prevista no artigo 16.3 da citada lei.

2.º Ser agricultor a título principal no sector vacún.

No caso de explotacións asociativas será necesario que, polo menos, o 50 por cento dos seus membros sexan agricultores a título principal no sector vacún para puntuar consonte este criterio.

c) Un punto por ser unha explotación situada en todas ou nalgunha das seguintes zonas:

1.º Zonas de montaña, segundo o disposto no artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999.

2.º Outras zonas desfavorecidas ou zonas sometidas a dificultades específicas, tal como se definen nos artigos 19 e 20 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999.

3.º Territorio insular.

d) Un punto por ser unha explotación situada nunha zona con escasas alternativas á produción de leite ou de vocación leiteira significada por unha participación superior ao 30 por cento da produción final láctea na produción final agraria provincial ou insular.

e) Dous puntos por cumprir todas ou algunha das seguintes circunstancias:

1.º Ser membro e ter entregado todo o leite producido desde o 1 de abril de 2005 a unha cooperativa ou sociedade agraria de transformación dedicada á comercialización ou transformación de leite, que estea autorizada como comprador de leite no réxime da taxa suplementaria da cota láctea.

2.º Ser unha explotación asociativa das referidas no artigo 2.o) do Real decreto 347/2003, do 21 marzo.

f) Un punto por ter a condición de agricultor mozo, segundo se define no artigo 2.ñ) do Real decreto 347/2003, do 21 marzo.

No caso de explotacións asociativas será necesario que máis do 50 por cento dos seus membros sexan agricultores mozos para puntuar consonte este criterio.

g) Un punto por ter obtido, nalgún dos cinco anos inmediatamente anteriores á data da solicitude do fondo, todas ou algunha das axudas oficiais previstas nas seguintes normas:

1.º O capítulo II do título II, «Instalación de mozos agricultores», do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999.

2.º O artigo 3.1.a) do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

3.º As alíneas d), g) e h) do artigo 3.2 do Real decreto 117/2001, do 9 de febreiro, polo que se establece a normativa básica de fomento dos investimentos para a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios, silvícolas e da alimentación.

h) Un punto por ser muller.

No caso de explotacións asociativas será necesario que máis do 50 por cento dos seus membros sexan mulleres para puntuar consonte este criterio.

i) Un punto por cumprir todos os requisitos establecidos no artigo 6.

Artigo 9. *Solicitude e tramitación.*

1. As solicitudes de asignación de cota a través do fondo serán dirixidas ao secretario xeral de Agricultura e Alimentación. Presentarase perante o órgano competente da comunidade autónoma en que radique a explotación do solicitante ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes conterán os datos mínimos que se recollen no anexo II e presentaranse no prazo de 20 días hábiles desde a entrada en vigor deste real decreto.

2. Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 6, o órgano competente da comunidade autónoma en que radique a explotación do solicitante valorará e clasificará as solicitudes segundo o baremo establecido no artigo 8.

3. O órgano competente da comunidade autónoma remitiralle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto, os datos relativos a todas as solicitudes presentadas, incluídas as que non cumpran os requisitos establecidos, con sucinta indicación do motivo da proposta de denegación e as solicitudes que se deseen por desistidas en aplicación do artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 10. *Asignación.*

1. A asignación de cantidades procedentes do fondo farase mediante resolución do secretario xeral de Agricultura e Alimentación, en que se establecerá a cantidade total que se asigna a cada solicitante coa especificación, se é o caso, da cantidade complementaria gratuíta procedente da reserva nacional que recibirán os gandeiros, de acordo coas porcentaxes recollidas no artigo 7.

2. No caso de que, dentro de cada estrato, a suma das cotas solicitadas ao fondo supere o total máximo dispoñible, a cantidade asignable determinarase mediante a atribución a cada punto dunha cantidade, en quilogramos, resultado de dividir toda a cantidade asignable para ese estrato entre a suma de puntos que reciban as solicitudes presentadas polos produtores incluídos nel.

Para determinar a cota asignable ás explotacións asociativas, a que se refire o artigo 2.o) do Real decreto 347/2003, do 21 marzo, multiplicaranse os puntos polo número de agricultores a título principal que as integren, ata un máximo de tres.

Artigo 11. *Asignación das cantidades procedentes do programa nacional de abandono 2004/2005.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas poderanlle propoñer ao secretario xeral de Agricultura e Alimentación a asignación individual das cantidades recollidas no artigo 5.1.a) entre os produtores do seu ámbito territorial que cumpran os requisitos recollidos no artigo 6. Estas cantidades repartiranse entre as comunidades autónomas de forma proporcional á cantidade indemnizada en cada unha delas, de acordo coa Orde APA/2811/2004, do 4 de agosto.

Estas cantidades distribuiranse do seguinte modo:

a) O 50 por cento asignaráselles aos produtores, logo de pagamento dun importe de 0,50 euros por quilogramo.

b) O outro 50 por cento será obxecto de asignación complementaria gratuíta e terá a consideración de cota da reserva nacional. Esta cantidade será idéntica á adquirida logo de pagamento do fondo, en virtude deste artigo.

2. As cantidades que, no prazo establecido no artigo 9.3, non fosen obxecto de proposta polo órgano competente das comunidades autónomas asignaranse de acordo co establecido no artigo 10.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas:

a) Determinarán os datos que se deban incluír na solicitude, que se tramitará segundo o establecido nos puntos 1 e 3 do artigo 9.

b) Valorarán, clasificarán e puntuarán as solicitudes, na forma que determinen e de acordo cos criterios e estratos que consideren oportunos.

4. Estas propostas serán obxecto de asignación, conforme o artigo 12, conxuntamente coas cantidades que resulten en aplicación do procedemento indicado no artigo 10.

Artigo 12. *Resolución.*

1. O secretario xeral de Agricultura e Alimentación ditará as resolucións correspondentes que autoricen ou deneguen motivadamente as solicitudes e notificarállelas aos interesados no prazo de cinco meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

A súa eficacia quedará condicionada ao efectivo ingreso da cantidade correspondente por parte dos beneficiarios, no prazo de 10 días hábiles desde que reciban a resolución.

2. O artigo 29.4 do Real decreto 347/2003, do 21 marzo, non será de aplicación nesta convocatoria.

3. Non se asignará ningunha cantidade do fondo, logo de pagamento, superior á solicitada, nin ningunha cantidade total, incluíndo a cantidade complementaria gratuíta, inferior á solicitada.

4. As cantidades asignadas producirán efecto no período 2005/2006, excepto aquelas cantidades correspondentes ás entregas certificadas e, se é o caso, ás vendas directas declaradas polos beneficiarios do programa de abandono establecido no capítulo I ata o momento de facer efectivo o abandono, que producirán efectos no período 2006/2007.

Disposición adicional única. *Exclusións das axudas directas ao sector lácteo.*

No caso de transferencias por toda a cota no período 2005/2006, desvinculadas da explotación, entenderase que a cota do transferidor dispoñible en 31 de marzo de 2006, para os efectos do Real decreto 543/2004, do 13 de abril, polo que se regulan determinadas axudas directas comunitarias ao sector lácteo para os anos 2004, 2005 e 2006, é de cero quilogramos.

No suposto de transferencias parciais desvinculadas da explotación realizadas durante o período 2005/2006, a cota dispoñible reducirase en proporción ás entregas certificadas ou ás vendas directas declaradas polo transferidor no momento de efectuar unha transferencia.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.13.^a da Constitución en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación supletoria do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.*

O Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, será de aplicación en todo o que non se opoña ao disposto neste real decreto, así como en todos os aspectos non regulados por el.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do previsto neste real decreto, así como para ampliar os seus prazos e modificar os seus anexos.

Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar ata nun 50 por cento, logo de audiencia ás comunidades autónomas e aos sectores afectados, as porcentaxes de asignación para cada un dos estratos sinalados no artigo 7, sempre que o volume de cota procedente do programa nacional de abandono convocado por este real decreto sexa significativamente inferior ao volume de cota solicitada ao fondo.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor e vixencia temporal.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Será de aplicación ata o 31 de marzo de 2006, inclusive, sen prexuízo da súa aplicabilidade respecto de todas as actuacións, procedementos e recursos realizados ao seu amparo e derivados del. Non obstante, a disposición adicional única estará en vigor ata a finalización da vixencia do Real decreto 543/2004, do 13 de abril.


Dado en Madrid o 27 de maio de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR ABANDONO DEFINITIVO DA PRODUCCIÓN LÁCTEA		SECRETARÍA XERAL DE AGRICULTURA E ALIMENTACIÓN											
 MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN		PERÍODO 05/06											
PLAN DE REESTRUTURACIÓN DO SECTOR PRODUTOR LÁCTEO		REXISTRO: _____											
IDENTIFICACIÓN	TITULAR	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF ou CIF		PERSOA FÍSICA <input type="checkbox"/>		ENTIDADE ASOCIATIVA <input type="checkbox"/>					
		DOMICILIO		TELEFONO		N.º MEMBROS							
		LOCALIDADE		PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL							
		DOMICILIO PARA NOTIFICACIÓNS EN CASO DE SER DISTINTO AO DO TITULAR											
		RÚA/ PRAZA		LOCALIDADE		PROVINCIA		C.P.					
		REPRESENTANTE (SE É O CASO)		APELIDOS E NOME		NIF ou CIF							
	DATOS BANCARIOS	ENTIDADE FINANCEIRA											
CÓDIGO BANCO		CÓDIGO SUCURSAL		CONTROL		N.º. CONTA CORRENTE, CARTILLA							
<table border="1" style="width: 100%; height: 20px; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 25%;"></td> <td style="width: 25%;"></td> <td style="width: 25%;"></td> <td style="width: 25%;"></td> </tr> </table>													
<p>Quen asina abaixo,</p> <p style="text-align: center;">SOLICITA:</p> <p>A indemnización por abandono definitivo da produción leiteira, de acordo co Plan de reestruturación do sector produtor lácteo e polo seguinte importe por cada quilogramo da súa cota indemnizable:</p> <p> <input type="checkbox"/> 0,70 euros, por ter cumpridos 64 anos. <input type="checkbox"/> 0,55 euros, por ter cumpridos 56 anos. </p> <p> <input type="checkbox"/> 0,60 euros, por ter cumpridos 60 anos. <input type="checkbox"/> 0,50 euros para os demais solicitantes. </p> <p style="text-align: center;">EXPÓN:</p> <p>a) Que coñece as condicións e limitacións establecidas no Plan de reestruturación do sector produtor lácteo para solicitar o abandono definitivo da produción láctea e a disposición derradeira segunda do Real decreto 313/2005, do 18 de marzo, relativa a determinadas axudas directas comunitarias ao sector lácteo.</p> <p>b) Coñece e dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados que a Dirección Xeral de Gandaría posúe para a xestión da cota láctea e sexan utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.</p> <p>c) Coñece que non poderá recuperar a cota abandonada unha vez resolta favorablemente a súa solicitude de abandono definitivo da produción.</p> <p>d) O titular da cota é ao mesmo tempo titular da conta bancaria consignada.</p> <p style="text-align: center;">COMPROMÉTESE A:</p> <p>a) Someterse aos controis que efectúe a autoridade competente para verificar que se cumpren as condicións de abandono definitivo da produción láctea.</p> <p>b) Non solicitar asignación dunha cantidade de referencia con cargo á reserva nacional.</p> <p>c) Facer efectivo o abandono total da produción láctea nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a notificación da resolución pola que se lle conceda a indemnización e a presentar os anexos V e VI do Real decreto 347/2003, do 21 marzo</p> <p style="text-align: center;">DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (Sinalar cun X no recadro correspondente os documentos que se xuntan á solicitude)</p> <p> <input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI/NIF (anverso e reverso) ou do CIF do titular da explotación. <input type="checkbox"/> No caso de entidades asociativas, a documentación orixinal que xustifique que quen asina como solicitante está plena e legalmente capacitado para iso, na data de solicitude do abandono. <input type="checkbox"/> No caso de entidades asociativas que solicitasen unha indemnización superior a 0,50 euros/kg, a documentación en que se relacione e xustifique o número de membros e unha fotocopia do DNI/NIF (anverso e reverso) de todos eles. </p> <p style="text-align: center;">En _____ o _____ de _____ de 2005</p> <p style="text-align: center;">ASINADO _____ EN CALIDADE DE _____</p>													
DIRIXIDO A: SECRETARIO XERAL DE AGRICULTURA E ALIMENTACIÓN REXISTRO XERAL DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN Paseo Infanta Isabel, 1 28071 Madrid													

ANEXO II

SOLICITUDE AO FONDO DO PLAN DE REESTRUTURACIÓN DO
SECTOR PRODUTOR LÁCTEOPERÍODO **05/06**

REXISTRO: _____

IDENTIFICACIÓN TITULAR	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF ou CIF	
	DATA DE NACEMENTO (persoas físicas)	___/___/19___	N.º ATP	
	DOMICILIO		TELÉFONO	MÓBIL
	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	
	DOMICILIO PARA NOTIFICACIÓNS EN CASO DE SER DISTINTO AO DO TITULAR			
	RÚA/ PRAZA	LOCALIDADE	PROVINCIA	C.P.
	REPRESENTANTE (SE É O CASO)	APELIDOS E NOME	NIF ou CIF	
EXPLOTACIÓN	NOME		ENDEREZO	
	CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN	TELÉFONO		
	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

Quen asina abaixo,

SOLICITA

A adquisición ao Fondo nacional, logo de pagamento do importe de 0,50 euros/kg, da seguinte cota: kg

COMPROMÉTESE A:

- Desistir da súa petición de cota ao fondo nacional no caso de que a cota total que lle corresponda no proceso de asignación, incluíndo a cantidade complementaria gratuíta da reserva nacional, sexa inferior a kg
- Que as cantidades obtidas como asignación complementarias da reserva nacional non poderán ser obxecto de transferencia ou cesión temporal nin de indemnización por abandono, e reintegraránselle á reserva nacional no caso de transferencia total ou parcial.
- Non transferir nin ceder temporalmente cota ata o período 2009/2010 inclusive.
- Non percibir indemnización nos plans de abandono dos próximos cinco períodos polas cantidades obtidas do fondo tanto como asignación complementaria como logo de pagamento.
- Realizar o ingreso correspondente do valor da cota asignada, no prazo de 10 días hábiles a partir da recepción da correspondente resolución, na conta corrente do Banco Cooperativo Español, número 0198-0601-68-1155165721, denominada Fondo nacional de cotas lácteas, cuxo titular é a Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

EXPÓN QUE:

- Desexa / Non desexa

que unha parte da cota total que lle corresponda no proceso de asignación, incluíndo a cantidade complementaria gratuíta da reserva nacional, lle sexa asignada como cota para venda directa.

2. É un mozo/a

que solicitou / que vai solicitar

en 2005 unha axuda oficial de «Instalación de mozos agricultores» e que coñece que a asignación de cantidade do Fondo nacional queda supeditada á concesión da dita axuda oficial.

3. Coñece as condicións e limitacións establecidas no Plan de reestruturación do sector produtor lácteo para solicitar a adquisición de cotas ao Fondo nacional.
4. Coñece e dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados que a Dirección Xeral de Gandaría posúe para a xestión da cota láctea e sexan utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
5. Que cumpre os criterios abaixo marcados (sinalar cun X o recadro que corresponda)

- a) Adquiriu a cota por transferencia desvinculada das explotacións ou solicitou asignación do fondo, tras cumprir os requisitos da convocatoria correspondente, nos últimos cinco períodos anteriores ao 2005/2006.
- b) É titular dunha explotación agraria familiar ou asociativa que, no momento de presentar a solicitude, ten a consideración de prioritaria, de acordo cos requisitos establecidos nos artigos 4 a 6 de a Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, ou se trata dun agricultor a título principal no sector vacún.
- c) A súa explotación está situada en zona de montaña, outras zonas desfavorecidas ou zonas sometidas a dificultades específicas ou en territorio insular.
- d) A súa explotación está situada en zona de escasas alternativas á produción de leite ou de vocación leiteira significada por unha participación superior ao 30% da produción final láctea na produción final agraria provincial ou insular.
- e) É membro e entrega todo o leite producido a unha cooperativa ou SAT para a comercialización ou transformación de leite que estea autorizada como comprador de leite no réxime da taxa suplementaria ou é unha explotación asociativa das recollidas no artigo 2.o) do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo.
- f) É agricultor mozo, segundo se define no artigo 2.ñ) do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo. No caso de explotacións asociativas, será necesario que máis do 50 por cento dos membros cumpran esta condición.
- g) Obtivo nalgún dos cinco anos inmediatamente anteriores algunha axuda oficial das previstas a continuación:
 a) Capítulo II do título II do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 (instalación de mozos agricultores).
 b) Aínea a) do punto 1 do artigo 3 do Real decreto 613/200, do 8 de xuño.
 c) Aíneas d), g) e h) do artigo 3.2 do Real decreto 117/200, do 9 de febreiro.
- h) É muller. No caso de explotacións asociativas, será necesario que máis do 50 por cento dos membros cumpran esta condición.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

(Sinalar cun X no recadro correspondente os documentos que se xuntan á solicitude)

- Fotocopia do DNI/NIF (anverso e reverso) ou do CIF do titular da explotación e de todos os ATP que a integran.
- Documentación xustificativa da condición de ATP das persoas declaradas nesta solicitude como tales (alta en REASS e IRPF: 2003 ou 2004 ou certificado da AEAT).
- No caso de que non se trate dunha explotación asociativa das que se refire o artigo 2.o) do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, documentación xustificativa da relación de 1º grao co titular da explotación das persoas declaradas como ATP.
- No caso de querer acollese ao criterio establecido no artigo 8.e), certificado do secretario da cooperativa ou SAT onde se acredite que o solicitante pertence a esta e lle entrega todo o leite desde abril de 2005.
- No caso de cooperativas agrarias de produción, SAT, sociedades civís, comunidades de bens e outras persoas xurídicas:
- Fotocopia da declaración do imposto de sociedades e do de retencións dos rendementos de traballo.
- Certificado do órgano xestor da sociedade ou documento acreditativo no caso de comunidades de bens en que conste o acordo de solicitar as cantidades do fondo e a identificación da persoa autorizada para solicitalas.
- No caso de que cumpran os criterios b) ou f), documentación que relacione e xustifique o número de membros e fotocopia do DNI/NIF (anverso e reverso) de todos eles.

En o de de 2005

ASINADO

EN CALIDADE DE

SECRETARIO XERAL DE AGRICULTURA E ALIMENTACIÓN DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

(Este real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no "Boletín Oficial del Estado" número 129, do 31 de maio de 2005.)